

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE DESIGNA A COMISIÓN DE VALORACIÓN DO CONCURSO ESPECÍFICO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO SINGULARIZADOS VACANTES NAS FISCALÍAS DE GALICIA

De conformidade co artigo 526 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificado pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro; Resolución do 12 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se modifica a relación de postos de traballo das oficinas fiscais da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.; co artigo 50 do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro; e mais coa Resolución do 18 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso específico, de postos de traballo vacantes nas fiscalías de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Designar os membros da comisión de valoración do concurso específico de méritos para a provisión de postos de traballo singularizados nas oficinas fiscais de Galicia, de conformidade coa base quinta da mencionada resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 18 de febreiro de 2026 (DOG núm. 41, do 3 de marzo).

Comisión de valoración titular:

Presidenta:

- Verónica Tellado Barcia, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Vogais:

- Andrea Cal Muñiz, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.
- César Domínguez Nocelo, funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa destinado na Dirección Xeral de Xustiza.



- Manuel José Lago Muiños, funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa, representante das organizacións sindicais.

Secretaría:

- Begoña de la Iglesia Lema, funcionaria do grupo A2 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Comisión de valoración suplente:

Presidenta:

- María del Carmen Iglesias Rodríguez, funcionaria do grupo A1 destinada no Servizo de Xustiza de Vigo.

Vogais:

- Raquel Romero Iglesias, letrada da Administración de Xustiza destinada na Dirección Xeral de Xustiza
- Sandra Orgeira Rodríguez, funcionaria do grupo A1 destinada no Servizo de Xustiza da Coruña.

Secretaría:

- María Campoy de la Torre, funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa destinada na Dirección Xeral de Xustiza

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia competente no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217

